

A Xunta de Persoal Docente da provincia de Lugo amosa a súa solidariedade co IES As Lagoas de Ourense

O pasado 24 de febreiro, o exterior do IES As Lagoas de Ourense apareceu cheo de panfletos con mensaxes difamatorias sobre unha docente, seguidos dunha concentración de familias o día 26, orquestrada con informacións falsas en redes sociais e medios de comunicación.

A orixe do conflito está na desconformidade dunha familia sobre as cualificacións do seu fillo en Matemáticas. No canto de seguir as vías regulamentarias de reclamación, optaron por unha campaña de acoso público contra a docente e a dirección do centro.

Desde a Xunta de Persoal Docente de Lugo expresamos o noso total apoio á docente acosada, ao equipo directivo e ao claustro do centro. O ensino público debe estar libre de coaccións e respectar os procedementos establecidos.

A Consellaría de Educación non pode permanecer impasible ante a desprotección do profesorado. Exiximos unha intervención firme para garantir o respecto e a seguridade do colectivo docente.